Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Centro certificado FIDES-AUDIT
Distintivo de Igualdade

Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

DO-0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas

R3 DO-0201

Informe de Accións de Coordinación do Grao en Enxeñaría da Enerxía

Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Curso académico: 2025/2026

Aprobado en Comisión de Calidade o 7/10/2026

Vigo, a 7 de outubro de 2026

Firmado digitalmente por GARCIA LOMBA GUILLERMO - 35556775V
Fecha: 2026.10.07 15:56:15 +02'00'

Guillermo García Lomba

Coordinador de Calidade

Índice

I. INFORMACIÓN XERAL 2
II. COORDINACIÓN 2
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN 3
IV. CONCLUSIÓNS 8
V. ANEXOS 10

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Enxeñaría da Enerxía
Centro(s) onde se imparte o título	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	Non procede
Curso de implantación	2010/2011 - Plan modificado: 2020/2021

II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	Francisco Javier Deive Herva
Equipo coordinador de curso	1º curso: Iria Feijóo Vázquez 2º curso: Raquel Pérez Orozco 3º curso: Jesús Vence Fernández 4º curso: Ana M. Rodríguez Rodríguez
Coordinación del PAT-ANEAE	Ana M. Rodríguez Rodríguez

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

No presente informe recóllese a actividade de coordinación levada a cabo ao longo do curso académico 2025/2026 entre as persoas responsables das materias, dos cursos e da titulación. Cómpre salientar que o labor de coordinación non se limitou ás reunións oficiais documentadas, pois mantívose unha comunicación fluída e continua, tanto de maneira presencial como mediante medios telemáticos, coa participación tamén da persoa encargada do PAT-ANEAE.

.3.1. Reunións

Reunións do coordinador de título e do equipo coordinador de curso co persoal coordinador de materia/módulo

O día 13 de xuño de 2025, o coordinador do grao recibiu unha notificación que informaba da apertura da aplicación DocNET para a elaboración das guías docentes do grao de Enxeñaría da Enerxía, estando dispoñible para o profesorado a partir do día 16 de xuño. Tendo en conta que no curso 2024/2025 xa se impartiran todos os cursos do novo plan de estudos desta titulación, e entendéndose que as modificacións das guías docentes serían menores, contactouse coas persoas coordinadoras das materias para informar dos prazos de revisión de guías docentes desde o 16 ao 24 de xuño, aclarando que as guías debían estar en galego e castelán, ademais de en inglés naquelas materias pertencentes ao plan de internacionalización ou *English friendly.* Ademais, fíxose fincapé na necesidade de revisar a planificación de cada materia conforme á PDA aprobada para o curso 2025/2026. Fíxose desta forma para garantir que as guías docentes estiveran finalizadas e revisadas polos coordinadores de grao, pola delegación do alumnado e polas persoas integrantes da comisión de calidade antes da súa aprobación na Xunta de Escola do 8 de xullo de 2025.

Por outra banda, o día 22 de xaneiro de 2026 o coordinador do grao participou, xunto coa coordinadora de primeiro curso, nunha reunión co profesor da materia Física II co obxectivo de deseñar unha saída de campo vinculada a esta materia no segundo cuadrimestre, de xeito análogo á que xa se realiza en Química no primeiro. A proposta consistiu nunha visita ás Fervenzas do río Barosa para determinar a súa potencia útil e estudar, de forma idealizada, a viabilidade dunha minicentral hidroeléctrica. A saída realizouse o 9 de abril de 2026 coa participación de 42 estudantes e constituíu unha proba avaliable dentro das probas voluntarias recollidas na guía docente. A ficha desta reunión inclúese no Anexo 1.

Reunións do equipo coordinador de curso co persoal coordinador de materia/módulo

Durante o curso académico 2025/2026 realizáronse 16 reunións deste tipo, seis correspondentes a primeiro, catro a segundo, dúas a terceiro e outras catro a cuarto curso do grao. Pódense consultar os detalles nos anexos 1, 2, 3 e 4 deste informe, onde tamén se recollen as principais valoracións e reflexións acadadas:

Primeiro e segundo curso:

Ao longo destes cursos leváronse a cabo un total de dez reunións. Dado que as materias impartidas resultan, na súa maior parte, coincidentes para o conxunto do estudantado dos dous graos que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, as cuestións tratadas nestas sesións adoitan afectar de maneira transversal a ambas titulacións. Por este

motivo, resulta complexo, cando non imposible, realizar análises ou valoracións que poidan circunscribirse de forma exclusiva a un só dos graos, xa que a maior parte das incidencias e reflexións teñen carácter común.

27/06/2025. Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Solicitar unha planificación detallada para o curso 2025/2026 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática, e a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola.

01/09/2025. Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Dar resposta ao incremento do número de estudantes de primeiro curso (cubríronse todas as prazas de nova matrícula de ambos os graos, ás que se suma o alumnado repetidor), que afectaba á docencia práctica en laboratorios de capacidade limitada. Acordouse aumentar de catro a cinco os grupos de prácticas en Física I, Química e Expresión Gráfica.

08/01/2026. Reunión de coordinación de primeiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Solicitar unha planificación detallada para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo polo profesorado coordinador, sen embargo ante a proximidade da data de inicio da docencia do segundo cuadrimestre, volveuse a solicitar ante a posibilidade de que durante ese tempo o profesorado quixera facer cambios sobre a planificación entregada no mes de xullo.

22/01/2026. Reunión de coordinación de primeiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Organizar unha saída de campo da materia Física II ás Fervenzas do río Barosa, coa participación do coordinador do grao.

08/04/2026. Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no primeiro cuadrimestre, unha vez finalizada a docencia e coas actas pechadas.

29/06/2026. Reunión de coordinación de primeiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no segundo cuadrimestre, unha vez realizados os exames das materias e case finalizado o cuadrimestre.

30/06/2025. Reunión de coordinación de segundo curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Tratar as necesidades específicas de cada materia no tocante á planificación de grupos B, C, parciais, recuperación e prácticas de campo/saídas de estudos no curso 2025/2026, centrándose nas actividades do primeiro cuadrimestre.

12/11/2025. Reunión de coordinación de segundo curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Seguimento da asistencia, da participación e dos resultados das primeiras probas de avaliación continua no primeiro cuadrimestre.

08/01/2026. Reunión de coordinación de segundo curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Planificar os grupos B, C, parciais, recuperacións e prácticas de campo/saídas de estudos para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026.

21/04/2026. Reunión de coordinación de segundo curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Seguimento da asistencia, da participación e dos resultados das primeiras probas de avaliación continua no segundo cuadrimestre.

Terceiro e cuarto cursos:

Neste caso, convocáronse as seis reunións de coordinación seguintes:

01/07/2025. Reunión de coordinación de terceiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: A convocatoria dirixiuse ao profesorado responsable das materias de terceiro curso co propósito de establecer a planificación dos grupos B e C, atendendo á distribución temporal das sesións docentes, ás necesidades específicas de espazos, tanto para clases maxistrais como para actividades en aula de informática, e á organización das prácticas de campo ou saídas académicas. Este labor desenvolveuse a partir da información remitida previamente polo profesorado mediante correo electrónico, o que permitiu anticipar posibles coincidencias horarias e adoptar solucións axeitadas. A planificación resultante trasladouse á Subdirección de Organización Docente para a asignación e reserva de espazos.

01/07/2025. Reunión de coordinación de terceiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Poñer en común a previsión docente das materias de terceiro curso do segundo cuadrimestre, organizar temporalmente as actividades dos grupos B e C cunha distribución equilibrada ao longo do período lectivo, recoller as necesidades de aulas, laboratorios e outros espazos e coordinar as saídas de campo. A planificación acordada remitiuse á Subdirección de Organización Docente para a reserva dos espazos correspondentes.

27/06/2025. Reunión de coordinación de cuarto curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Solicitar a planificación detallada para o curso 2025/2026 dos grupos B e C, así como dos exames parciais, facendo fincapé nas necesidades do primeiro cuadrimestre. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática, e a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola.

14/01/2026. Reunión de coordinación de cuarto curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Actualizar a planificación detallada do segundo cuadrimestre dos grupos B e C, saídas de campo e exames parciais, así como as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo de 2025, pero ante a proximidade do inicio da docencia do segundo cuadrimestre volveuse a solicitar por se o profesorado quixera introducir cambios.

11/02/2026. Reunión de coordinación de cuarto curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Análise de resultados do primeiro cuadrimestre. Unha vez finalizado o cuadrimestre e con todos os exames rematados, intercambiáronse opinións, trasladáronse as dificultades atopadas e valorouse a coordinación. A taxa de éxito media situouse no 97,3 %, cunha taxa de avaliación do 94,6 % e unha taxa de rendemento do 92,0 %.

24/06/2026. Reunión de coordinación de cuarto curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Análise de resultados do segundo cuadrimestre. Non se rexistrou ningún suspenso, polo que a taxa de éxito foi do 100 % en todas as materias con estudantado presentado. Porén, a taxa de avaliación media descendeu ao 85,1 %, debido fundamentalmente ao Traballo de Fin de Grao, no que só se presentaron 18 dos 37 estudantes matriculados.

Reunións das persoas coordinadoras de materias co profesorado que a imparte

Durante todo o período académico mantívose unha comunicación fluída e continua entre as persoas responsables da coordinación das materias e o conxunto do profesorado. Este intercambio de información permitiu compartir observacións, resultados e comentarios, así como trasladar as inquedanzas e propostas formuladas polo alumnado, polo equipo docente ou pola propia coordinación do título. O obxectivo fundamental foi consensuar decisións que garantisen unha organización coherente das materias e un desenvolvemento docente harmónico e eficaz. Unha vez concluído o curso, o profesorado reuniuse coas persoas coordinadoras co fin de analizar o progreso académico do estudantado e proceder á revisión e peche das actas de avaliación correspondentes.

3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

No curso académico 2025/26 as persoas coordinadoras de curso elaboraron os seguintes **informes finais de coordinación horizontal**:

Primeiro curso:

Resultados: Durante todo o curso, o profesorado de primeiro de ambos os graos respondeu de forma moi axeitada ás solicitudes de planificación das sesións de tipo B e C, das saídas de campo e dos exames parciais, entregando a información en data e forma, e mostrouse colaborador á hora de axustar datas de exames parciais, fixar saídas de campo ou reasignar espazos con respecto á planificación inicial. Cada modificación na planificación detallada actualizouse no espazo de Coordinación de primeiro GEE/GERME en Moovi, e os problemas que xurdiron foron comunicados á coordinación e resoltos o máis axiña posible, empregando como canles principais o correo electrónico e as chamadas telefónicas.

O curso estivo marcado polo incremento do número de estudantes, ao cubrirse todas as prazas de nova matrícula de ambos os graos, o que obrigou a crear un quinto grupo de prácticas en Física I, Química e Expresión Gráfica para non comprometer a calidade da docencia de laboratorio. Ademais, incorporouse unha nova saída de campo na materia de Física II, na que participaron 42 estudantes.

Nas reunións de final de cuadrimestre, o profesorado trasladou a súa preocupación polo rendemento académico e pola baixa implicación dunha parte importante do alumnado. Arredor de 30 estudantes deixaron de asistir ás clases desde o inicio do segundo cuadrimestre, e as taxas de éxito dispoñibles nese momento situáronse entre o 25 % de Cálculo I e o 68 % de Física II. En relación coa semana de exames sen docencia implantada este curso, o profesorado non aprecia cambios significativos nas cualificacións, aínda que si unha asistencia ás aulas algo superior á dos cursos anteriores. Tamén se trasladou a preocupación polo uso de dispositivos electrónicos non autorizados nas probas de avaliación e solicitouse un protocolo de actuación ao respecto.

Propostas de mellora: Continuar coa mesma metodoloxía de traballo, tendo en conta as propostas xurdidas nas reunións co profesorado ao final de cada cuadrimestre.

Segundo curso:

Resultados: Mantívose o correo electrónico como principal medio de comunicación para as tarefas de coordinación, empregándose de xeito puntual o teléfono para resolver pequenas incidencias. En xeral, o profesorado de segundo curso dos graos respondeu moi axeitadamente

ás peticións de planificación detallada necesarias para configurar as sesións de tipo B e C, o que permitiu evitar colisións entre grupos C de distintas materias e con saídas de campo.

Como no curso anterior, realizáronse reunións de seguimento da avaliación continua en ambos os cuadrimestres, motivadas polo baixo rendemento que se vén rexistrando de forma sistemática neste curso. No primeiro cuadrimestre, a asistencia aos grupos A de Circuítos e Máquinas Eléctricas foi algo inferior ao 50 % e, en Tecnoloxía de Materiais, diminuíu a medida que avanzaba o cuadrimestre. En Mecánica de Fluídos houbo que corrixir ao inicio do curso comportamentos pouco axeitados na aula, incidencia que se resolveu tras a intervención do profesorado e da coordinación de curso, e acordouse animar o estudantado a asistir ás clases a través das reunións do PAT. No segundo cuadrimestre, a información recollida sobre o seguimento do alumnado non chegou a ser de todo satisfactoria; reitérase o escaso uso das titorías e a baixa participación nas aulas, e a profesora de Tecnoloxía Electrónica propón unha actualización dos contidos teóricos e a incorporación de prácticas con microcontroladores e sensores, pendente de analizar en relación coa memoria do título e co resto de materias.

Detectouse algunha incidencia puntual con determinado profesorado, que foi trasladada á coordinación da titulación e á Subdirección de Organización Docente. Con todo, considérase que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2025/2026.

Propostas de mellora: Proponse a continuidade da metodoloxía de traballo.

Terceiro curso:

Resultados: Mantívose ao longo do curso unha comunicación continuada co profesorado de terceiro curso, principalmente mediante correo electrónico, e coa Subdirección de Organización Docente para o traslado de información, a xestión dos espazos docentes e a resolución de incidencias. A planificación realizada ao inicio de cada cuadrimestre permitiu dispoñer dunha visión conxunta das materias e anticipar posibles incompatibilidades, de modo que durante a docencia só foi necesario introducir pequenos axustes.

Na análise do curso destácase que a maior carga de coordinación se concentra nas semanas previas ao inicio de cada cuadrimestre; que as sesións vinculadas a laboratorios, aulas de informática e outros espazos específicos, así como os grupos C, son as que requiren maior atención pola súa menor flexibilidade e maior probabilidade de coincidencias, mentres que a planificación dos grupos B resulta máis directa; e que o proceso depende en boa medida da dispoñibilidade e do grao de detalle da información facilitada polas persoas coordinadoras de materia nas fases iniciais.

Propostas de mellora: Non se detectaron incidencias que xustifiquen propostas específicas de mellora, polo que se considera suficiente manter o procedemento empregado, introducindo só os axustes puntuais que resulten necesarios.

Cuarto curso:

Resultados: Como en cursos anteriores, solicitouse ao profesorado a planificación detallada dos grupos B e C, dos exames parciais e das necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática, que a maior parte do profesorado remitiu no prazo establecido, e a documentación resultante púxose a disposición do profesorado no espazo de Coordinación en Moovi. Nas reunións de final de cuadrimestre, o profesorado valorou como correctas as tarefas de coordinación e axeitadas as canles de comunicación empregadas.

Os resultados académicos do primeiro cuadrimestre foron moi positivos, cunha taxa de éxito media do 97,3 % (entre o 88,6 % de Xestión da enerxía térmica e o 100 % en cinco materias),

unha taxa de avaliación do 94,6 % e unha taxa de rendemento do 92,0 %. No segundo cuadrimestre non se rexistrou ningún suspenso, polo que a taxa de éxito foi do 100 % en todas as materias con estudantado presentado. Porén, a taxa de avaliación media descendeu ao 85,1 %, fundamentalmente polo Traballo de Fin de Grao, no que só se presentaron 18 dos 37 estudantes matriculados (48,6 %).

Propostas de mellora: O incremento do número de estudantes que presentan o Traballo de Fin de Grao, xa sinalado como aspecto de mellora no curso anterior, segue a ser o principal reto e require un seguimento máis estreito e un reforzo das accións de orientación académica.

IV. CONCLUSIÓNS

A análise conxunta dos informes correspondentes aos catro cursos do grao permite extraer unha valoración global positiva do funcionamento da coordinación horizontal durante o curso académico 2025/2026. Ao longo do curso celebráronse 16 reunións de coordinación de curso, e a comunicación entre o profesorado e as persoas coordinadoras mantívose de forma continua, fundamentalmente a través do correo electrónico e, en menor medida, mediante chamadas telefónicas. Isto permitiu planificar con antelación as sesións de tipo B e C, as saídas de campo e os exames parciais, e resolver con axilidade as incidencias que foron xurdindo.

Nos cursos de primeiro e segundo, a coordinación tivo que dar resposta a un incremento notable do número de estudantes de primeiro, que obrigou a crear un grupo adicional de prácticas en tres materias, e incorporou novas actividades como a saída de campo de Física II. Con todo, o profesorado destes cursos segue a manifestar a súa preocupación polo baixo rendemento académico, o abandono temperán dunha parte do alumnado (arredor de 30 estudantes en primeiro curso), a diminución progresiva da asistencia e o escaso uso das titorías. A semana de exames sen docencia, implantada este curso en primeiro, non produciu cambios significativos nas cualificacións, aínda que si se percibe unha asistencia lixeiramente superior.

En terceiro curso, a coordinación desenvolveuse sen incidencias salientables. A planificación realizada antes do inicio de cada cuadrimestre permitiu anticipar as incompatibilidades horarias, concentrando o esforzo de coordinación nas semanas previas á docencia e nas actividades que requiren espazos específicos.

En cuarto curso, o balance é claramente positivo en canto ao rendemento académico, cunha taxa de éxito media do 97,3 % no primeiro cuadrimestre e do 100 % no segundo. O principal punto débil segue a ser o Traballo de Fin de Grao, cunha taxa de avaliación do 48,6 % (19 non presentados de 37 matriculados), cifra superior aos 13 non presentados do curso anterior.

No marco das tarefas de coordinación, e ante o desafío que supón a utilización da intelixencia artificial e dispositivos electrónicos non autorizados nas probas de avaliación, adquiríronse detectores de frecuencia e de metais para realizar controis aleatorios durante a realización das probas. Esta medida dá resposta á preocupación manifestada polo profesorado de primeiro curso polo uso de dispositivos electrónicos non autorizados nos exames.

Así mesmo, dado que o número de estudantes matriculados vén crecendo curso tras curso, dotouse a Escola dunha nova aula de informática e dun novo laboratorio experimental, o laboratorio M216, que facilitan a impartición da docencia aos novos grupos creados.

Como aspectos que requiren seguimento no vindeiro curso, destácanse o reforzo das accións de orientación e acompañamento para incrementar o número de estudantes que presentan o TFG; a elaboración dun protocolo de actuación que regule o uso dos novos detectores e o procedemento

que se debe seguir ante o uso de dispositivos ou material non autorizado nas probas; a análise da proposta de actualización da materia Tecnoloxía Electrónica en relación coa memoria do título; e a continuidade das medidas de fomento da asistencia e do uso das titorías en primeiro e segundo curso, en colaboración co PAT.

Para que así conste, asino a presente en Vigo, a 6 de outubro de 2026

Francisco Javier Deive Herva

Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía

DEIVE HERVA FRANCISCO JAVIER - 53180367C

Firmado digitalmente por DEIVE HERVA FRANCISCO JAVIER - 53180367C
Fecha: 2026.10.06 18:05:07 +02'00'

V. ANEXOS

Para completar a información, achéganse as fichas e informes relativos ás reunións de coordinación realizadas ao longo do curso académico.

Anexo 1. Fichas e Informe de Coordinación de 1º Curso

1ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 27/06/2025
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora e profesorado do 1º curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado do primeiro curso de ambos os graos, tanto do primeiro como do segundo cuadrimestre, co obxectivo de solicitar unha planificación detallada para o curso 2025/2026 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática, e a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola.	
RESULTADOS: Todo o profesorado remite á coordinación, vía correo electrónico e no prazo establecido, toda a información solicitada. Unha vez recibida a información de cada unha das materias, co horario e co calendario académico, compróbase que as horas dos grupos B e C son as que están reflectidas na Planificación Docente Anual (PDA). Analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso elabórase un documento para o primeiro e segundo cuadrimestre, o cal se remite á Subdirección de Planificación e Organización Académica. Sobre este documento da planificación detallada de primeiro, a Coordinación e a Subdirección de Planificación e Organización Académica proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudantado e dispoñibilidade de aulas e laboratorios. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao primeiro cuadrimestre ponse a disposición de todo o profesorado no espazo de Coordinación de Primeiro GEE/GERME en Moovi.	

2ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 01/09/2025
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora de primeiro curso (Iria Feijoo Vázquez), profesora de Química (Mª Salomé Álvarez Álvarez), profesor de Física I (Javier Vijande López) e profesora de Expresión Gráfica (Elena González González) do Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Debido ao incremento do número de alumnos e alumnas de primeira matrícula (cubríronse todas as prazas dos dous graos) e á presenza de alumnado repetidor, o número total de estudantes aumentou de maneira notable. Esta situación afecta ao desenvolvemento da docencia práctica que se imparte nos laboratorios, cuxa capacidade é limitada, e ocasiona unha perda de calidade ao impartir prácticas a grupos tan numerosos.	
RESULTADOS: Neste contexto, incrementouse de catro a cinco o número de grupos de prácticas nas materias de Física I, Química e Expresión Gráfica. Para iso, contactouse telefonicamente co profesorado implicado co fin de encaixar o novo grupo nos horarios, tendo en conta a dispoñibilidade de espazos da Escola. O novo horario foi publicado na web da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.	

3ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 08/01/2026
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Profesorado do segundo cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado do segundo cuadrimestre de primeiro curso de ambos os graos co obxectivo de solicitar unha planificación detallada para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo de 2025, sen embargo, ante a proximidade da data de inicio da docencia do segundo cuadrimestre, volve solicitarse ante a posibilidade de que durante ese tempo o profesorado quixera facer cambios sobre a planificación de xullo.	
RESULTADOS: No prazo establecido e por vía correo electrónico, todo o profesorado que necesitou modificar a planificación remitiu esa información á coordinación. Así mesmo, aqueles docentes que non realizaron cambios na planificación remitida en xullo tamén o confirmaron á coordinación. Unha vez recibida a información nova e coa que xa se tiña no mes de xullo de cada unha das materias, analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso elabórase un documento para o segundo cuadrimestre, que se remite á Subdirección de Planificación e Organización Académica. Sobre este documento da planificación detallada do segundo cuadrimestre, a Coordinación e a Subdirección de Planificación e Organización Académica proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudantes e dispoñibilidade de aulas e laboratorios. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao segundo cuadrimestre ponse ao dispor de todo o profesorado no espazo de Coordinación de Primeiro GEE/GERME en Moovi.	

4ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 22/01/2026
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora de primeiro curso (Iria Feijoo Vázquez), coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía (Francisco Javier Deive Herva) e profesor de Física II (José Benito Vázquez Dorrio).	
OBXECTIVOS: O alumnado de primeiro realiza, no primeiro cuadrimestre, unha saída de campo como parte dunha práctica da materia de Química, que inclúe tamén un compoñente lúdico para o alumnado. O obxectivo da reunión foi elaborar unha proposta de saída de campo para o alumnado de primeiro no segundo cuadrimestre, vinculada a unha materia, do mesmo xeito que a de Química. Esta proposta presentouse ao profesorado de Física II e consistiu nunha saída de campo ás Fervenzas do río Barosa para determinar a potencia útil das fervenzas, co fin de estudar a viabilidade, dun xeito idealizado, de construír unha minicentral hidroeléctrica para a produción de enerxía.	

RESULTADOS:
A saída de campo realizouse o 9 de abril de 2026, coa participación de 42 alumnos e alumnas. Constituíu unha proba avaliable máis dentro das probas voluntarias recollidas na guía docente da materia.

5ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 08/04/2026
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora de primeiro curso (Iria Feijoo Vázquez) e profesorado do primeiro cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Eduardo Liz Marzán, Javier Vijande López, María Elena González Rodríguez, María Salomé Álvarez Álvarez).	
OBXECTIVOS: Unha vez finalizado o cuadrimestre e coas actas pechadas, o obxectivo da reunión co profesorado de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no primeiro cuadrimestre.	
RESULTADOS: Durante a reunión, o profesorado trasladou as valoracións que se detallan a continuación. En relación coa semana de exames sen docencia, non se observou unha falta de asistencia significativa por parte do alumnado. A asistencia ás clases é, en xeral, lixeiramente superior á rexistrada antes da implantación deste calendario. O profesorado coincide en sinalar que a asistencia diminúe notablemente durante a semana previa ao período de exames. Neste sentido, non consideran que a semana de exames sen docencia supoña unha mellora significativa, aínda que tampouco perciben que teña un efecto negativo sobre os resultados académicos. O profesorado sinala unha tendencia preocupante no rendemento académico e, especialmente, unha falta de compromiso por parte dunha parte do alumnado. En relación coas cualificacións, en Expresión Gráfica os resultados son similares aos doutros cursos. En Química, os resultados son peores. En Cálculo obsérvase unha mellora. En Álxebra Lineal, os resultados son peores en comparación cos obtidos en Cálculo I. En Física I, os resultados son similares aos do curso anterior. O profesorado coincide en sinalar que as cualificacións continúan sendo baixas, mesmo entre o alumnado que supera as materias. O profesorado trasladou a súa preocupación polo uso de dispositivos electrónicos non autorizados durante as probas de avaliación. Neste sentido, solicita que se estableza un protocolo de actuación que determine o procedemento que se debe seguir no caso de que un estudante sexa sorprendido utilizando dispositivos electrónicos ou outro material non autorizado durante unha proba. Indícase que son poucos os estudantes que solicitaron a renuncia á avaliación continua. Entre o alumnado de primeira matrícula non se rexistrou ningunha solicitude de renuncia. O profesorado manifesta ter mostrado flexibilidade á hora de establecer as datas de entrega de traballos, informes e tarefas cando estas coincidían con exames parciais doutras materias incluídos na planificación docente. En relación coa coordinación, o profesorado considera adecuadas tanto as tarefas de coordinación desenvolvidas como a comunicación a través das canles establecidas. Dende a coordinación considérase viable a posta en marcha das propostas formuladas polo profesorado. Así mesmo, terase en conta a información e as valoracións recollidas durante a reunión para a planificación do segundo cuadrimestre e do primeiro cuadrimestre do vindeiro curso académico. Por outra banda, a coordinación comprométese a trasladar á Subdirección de Planificación e Organización Académica aquelas propostas do profesorado que afecten á organización e planificación da docencia de primeiro curso.	

6ª REUNIÓN HORIZONTAL

CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 29/06/2026
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora de primeiro curso (Iria Feijoo Vázquez) e profesorado do segundo cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Guillermo García Lomba, María Ángeles Saavedra González, Iria González Romero, Manuel Pérez Cota, José Benito Vázquez Dorrio).	
OBXECTIVOS: Unha vez realizados a maioría dos exames das materias e case finalizado o cuadrimestre, o obxectivo da reunión co profesorado coordinador de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no segundo cuadrimestre.	
RESULTADOS: Durante a reunión, o profesorado trasladou as valoracións que se detallan a continuación. O profesorado detecta que, xa desde o inicio do cuadrimestre, arredor de 30 estudantes deixaron de asistir ás clases e, previsiblemente, abandonaron os estudos. Así mesmo, trasládase a preocupación pola evolución da asistencia ás aulas, que diminúe progresivamente a medida que avanza o cuadrimestre. O profesorado coincide en sinalar que existe un grupo reducido, duns 15-20 estudantes, que amosa interese e implicación nas materias. Porén, considérase que, en termos xerais, unha parte importante do alumnado presenta unha baixa implicación e compromiso coas materias e co seu proceso de aprendizaxe. O profesorado manifesta tamén a súa preocupación polo uso de dispositivos electrónicos non autorizados durante as probas de avaliación. Así mesmo, proponse limitar o uso de teléfonos móbiles e ordenadores portátiles durante as sesións docentes, agás nos casos en que o seu uso sexa expresamente autorizado polo profesorado. En relación coa semana de exames sen docencia, o profesorado non percibe cambios significativos nas cualificacións con respecto ao curso anterior. No obstante, considera que a asistencia ás aulas é mellor que a rexistrada antes da implantación deste calendario. En canto ás taxas de éxito académico dispoñibles na data da reunión, foron dun 68 % en Física II, 60 % en Estatística, 35 % en Dirección de Empresas, 27 % en Informática para a Enxeñaría e 25 % en Cálculo I. Todo o profesorado manifesta ter mantido unha actitude flexible á hora de establecer as datas de entrega de traballos, informes e tarefas cando estas coincidían con exames parciais doutras materias contemplados na planificación docente. En relación coa coordinación, o profesorado considera adecuadas as tarefas de coordinación desenvolvidas ao longo do cuadrimestre. Valórase positivamente seguir realizando as reunións de coordinación ao final do cuadrimestre, ao considerar que permiten compartir información, detectar posibles incidencias e establecer propostas de mellora. Así mesmo, o profesorado considera axeitada a comunicación a través das canles establecidas para a coordinación e o seguimento da actividade docente.	

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 05/10/2026
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
RESULTADOS: Durante todo o curso, o profesorado de primeiro de ambos os graos respondeu de forma moi axeitada ás solicitudes de planificación das sesións de tipo B e C, saídas de campo e exames parciais, entregando a información en data e forma. Todo o profesorado mostrouse colaborador á hora de axustar datas de exames parciais, fixar saídas de campo ou na asignación de espazos con respecto á planificación inicial. Cada modificación na planificación detallada actualizouse no espazo de Coordinación de primeiro GEE/GERME en Moovi.	

Aqueles problemas que xurdiron durante o desenvolvemento do curso académico foron comunicados á coordinación, e estes trataronse de solucionar o máis axiña posible. A canle principal de comunicación para as tarefas de coordinación foi o correo electrónico e as chamadas telefónicas. Tras as reunións ao final de cada cuadrimestre, considérase que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2025/2026.
PROPOSTAS DE MELLORA: Continuar coa mesma metodoloxía de traballo, pero tendo en conta as propostas xurdidas das reunións co profesorado ao final de cada cuadrimestre.

Anexo 2. Fichas e Informe de Coordinación de 2º Curso

1ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 30/06/2025
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
ASISTENTES: Profesorado de segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado de segundo curso dos graos co obxectivo de planificar o desenvolvemento dos grupos B e C no curso 2025/2026, no referido a: 1. Datas de impartición das sesións B e C 2. Necesidades de espazos docentes en aulario 3. Necesidades de espazos docentes en aula de informática 4. Proposta de datas para saídas de campo	
RESULTADOS: Tras a recepción da información solicitada, dende a coordinación e a Subdirección de Organización Docente compróbase a adecuación das propostas (en canto a datas, número de sesións e horas) e realízase a correspondente asignación de espazos. O profesorado, en xeral, propón un calendario de grupos B ben axustado, tanto en número de horas como en tipoloxía de contidos impartidos neste tipo de sesións (laboratorio e/ou TIC). Esta xestión permite liberar espazos docentes para cubrir outras necesidades. O calendario de grupos C planifícase de xeito que as colisións xurdidas das propostas iniciais se resolven satisfactoriamente. A coordinadora remite esta información á Subdirección de Organización Docente.	

2ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 12/11/2025
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
ASISTENTES: Profesorado das materias do primeiro cuadrimestre do segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Seguimento do cuadrimestre: realízanse reunións telemáticas e/ou presenciais co profesorado dos graos co obxectivo de levar un seguimento dos resultados de avaliación continua do estudantado. Estas reunións están motivadas polo baixo rendemento e as dificultades que de xeito sistemático se levan rexistrando nos últimos cursos académicos nas materias de segundo curso. Recompílase información relativa aos seguintes puntos: 1. Asistencia (teoría/prácticas) 2. Grao de implicación/participación 3. Resultados da(s) primeira(s) proba(s) de avaliación continua	

RESULTADOS:

A continuación recóllese a información recibida por parte do profesorado e algunha medida correctora proposta:

Materia	Sistemas Térmicos
Profesorado	Enrique Granada

Seguimento:

No grupo de castelán todo vai segundo o previsto (asistencia a clase do alumnado con regularidade, incrementada un 25 % cando hai probas de avaliación). A finais de novembro remata a docencia (emprega a hora extra dos venres para adiantar a materia, pendente de operación).

O grupo de inglés foi máis problemático porque un dos alumnos tivo que voltar ao seu país e finalmente quedou só cunha alumna. Foi preciso reestruturar a docencia para recuperar sesións ás que non puido asistir a estudante. Datas e horas (fóra do marcado no horario) acordadas entre o profesorado e a estudante.

Medidas propostas:

Non se considera necesario.

Materia	Circuítos e Máquinas Eléctricas
Profesorado	Andrés Elías Feijóo

Seguimento:

Asistencia: asiste algo menos do 50 % do estudantado aos grupos A, algo máis nos grupos B e C.

Primeira proba: 29 persoas presentadas (15/29 superaron a proba).

Medidas propostas:

Na seguinte reunión do PAT co estudantado, a coordinadora de curso animaraos a asistir máis ás clases.

Materia	Tecnoloxía de Materiais
Profesorado	Carmen Pérez

Seguimento:

Asistencia: similar á de cursos anteriores (35-40 persoas), que vai diminuíndo a medida que avanza o curso (especialmente a partir da primeira semana de novembro, na que se celebraron varias probas parciais).

Medidas propostas:

Non se considera necesario.

Materia	Mecánica de Fluídos
Profesorado	Alejandro Molares e Jesús Vence

Seguimento:

Asistencia: con regularidade, especialmente no grupo de castelán.

Comportamento na aula: ao inicio do cuadrimestre, o profesorado tivo que chamar a atención do estudantado (grupo castelán) por comportamentos pouco axeitados. Nas primeiras semanas o profesorado e a coordinación de curso chamáronlles a atención sobre o asunto, e a incidencia foise corrixindo.

Medidas propostas:

Medida proposta sobre o comportamento do estudantado executada con éxito. Non se considera necesario aplicar máis.

3ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 08/01/2026
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
ASISTENTES: Profesorado das materias do segundo cuadrimestre do segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado das materias do 2º cuadrimestre de segundo curso dos graos co obxectivo de planificar o desenvolvemento dos grupos B e C no curso 2025/2026, no referido a: 1. Datas de impartición das sesións B e C 2. Necesidades de espazos docentes en aulario 3. Necesidades de espazos docentes en aula de informática 4. Proposta de datas para saídas de campo	
RESULTADOS: Unha vez comunicadas as necesidades de espazos docentes á Subdirección de Organización Docente, trasladóuselles aos docentes toda a información relativa ás datas, horas e espazos asignados. Grazas a isto, evitáronse colisións entre grupos C de distintas materias e, á súa vez, con saídas de campo.	

4ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 21/04/2026
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
ASISTENTES: Profesorado das materias do segundo cuadrimestre do segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Seguimento do cuadrimestre: realízanse reunións telemáticas e/ou presenciais co profesorado dos graos co obxectivo de levar un seguimento dos resultados de avaliación continua do estudantado. Estas reunións están motivadas polo baixo rendemento e as dificultades que de xeito sistemático se levan rexistrando nos últimos cursos académicos nas materias de segundo curso. Recompílase información relativa aos seguintes puntos: 1. Asistencia (teoría/prácticas) 2. Grao de implicación/participación 3. Resultados da(s) primeira(s) proba(s) de avaliación continua	
RESULTADOS: A continuación recóllese a información recibida por parte do profesorado e algunha medida correctora proposta:	

Materia	Tecnoloxía Electrónica
Profesorado	María Xosé Moure Rodríguez
Seguimento: O estudantado fai, en xeral, moi pouco uso das titorías (presenciais e por correo electrónico).	

Asistencia: regular ás sesións, pero grupo pouco participativo (con respecto ao curso anterior). Primeira proba: 44 presentados. Nota media: 4,71. Nota superior a 4: 23. Nota inferior a 4: 21. Segunda proba: 43 presentados. Nota media: 4,99. Nota superior a 4: 29. Nota inferior a 4: 14. Estudantado PUINE: unha persoa asiste regularmente ás clases, formula moitas dúbidas e aprobou os dous primeiros parciais. A outra persoa non vén ás clases e, ademais, chegou tarde ás dúas probas parciais, que non superou. A profesora traslada medidas de mellora para o curso vindeiro (recollidas nas medidas propostas).
Medidas propostas: A profesora indica que a materia precisa unha actualización urxente da teoría. Baralla poder facer prácticas máis interesantes para o estudantado como, por exemplo, coa utilización de microcontroladores e sensores. Pendente de revisar o encaixe coa memoria do título e o resto de materias.

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco
RESULTADOS: Mantense o contacto a través de correo electrónico como medio de comunicación para as tarefas de coordinación. De xeito puntual, tamén se empregan os medios telefónicos para resolver pequenas incidencias ocasionais. En xeral, o profesorado de 2º dos graos responde moi axeitadamente ás peticións de planificación detallada requiridas para poder configurar o desenvolvemento das sesións tipo B/C. No segundo cuadrimestre, a información recollida sobre o seguimento do alumnado nas materias non chegou a ser de todo satisfactoria. Con todo, considérase que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2025/2026. Detectouse algunha incidencia puntual con certo profesorado, que foi trasladada á coordinación da titulación e á Subdirección de Organización Docente.
PROPOSTAS DE MELLORA: Proponse a continuidade da metodoloxía de traballo.

Anexo 3. Fichas e Informe de Coordinación de 3º Curso

1ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 3º do Grao EE	DATA: 01/07/2025
COORDINADOR: Jesús Vence Fernández	
ASISTENTES: Profesorado do primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía.	
OBXECTIVOS: Coordinar a planificación docente das materias de terceiro curso correspondentes ao primeiro cuadrimestre. Acordar a distribución das sesións dos grupos B e C ao longo do período lectivo. Concretar as necesidades de espazos para o desenvolvemento das actividades docentes, incluíndo as aulas de informática. Establecer unha proposta para a realización das saídas de campo.	
RESULTADOS: Revísanse as propostas de planificación dos grupos B e C remitidas polo profesorado, comprobando a súa adecuación ao número de sesións, á carga horaria prevista e á tipoloxía das actividades docentes. A planificación dos grupos B axústase ás necesidades das materias, tanto no relativo ás horas previstas como ao tipo de sesións de laboratorio. No caso dos grupos C, analízanse as coincidencias detectadas nas propostas iniciais e introdúcense os axustes necesarios para evitar solapamentos entre materias. Unha vez revisada a planificación, a coordinación traslada a información á Subdirección de Organización Docente para a correspondente asignación e reserva de espazos.	

2ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 3º do Grao EE	DATA: 01/07/2025
COORDINADOR: Jesús Vence Fernández	
ASISTENTES: Profesorado do segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía.	
OBXECTIVOS: Poñer en común a previsión docente das materias de terceiro curso que se imparten no segundo cuadrimestre. Organizar temporalmente as actividades correspondentes aos grupos B e C, procurando unha distribución equilibrada ao longo do período lectivo. Recoller as necesidades específicas de aulas, laboratorios e demais espazos docentes. Coordinar as actividades que poidan afectar á planificación conxunta do curso, especialmente as saídas de campo.	
RESULTADOS: O profesorado presenta a proposta de distribución das actividades previstas para o segundo cuadrimestre e revísase de forma conxunta a súa compatibilidade. Contrástanse as necesidades de espazos docentes de cada materia coa planificación proposta, introducindo os cambios necesarios nas incompatibilidades detectadas. Acórdase a distribución das sesións dos grupos B e C, evitando coincidencias ou proximidades horarias que poidan afectar ao desenvolvemento da docencia.	

Recóllese a planificación definitiva acordada na reunión e remítese á Subdirección de Organización Docente para a xestión e reserva dos espazos correspondentes.

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL
CURSO: 3º do Grao EE
COORDINADOR: Jesús Vence Fernández
RESULTADOS: Mantívose ao longo do curso unha comunicación continuada co profesorado de terceiro curso, principalmente mediante correo electrónico, empregándose tamén outras vías de contacto cando foi necesario resolver cuestións puntuais con maior axilidade. Mantívose igualmente a coordinación coa Subdirectora de Organización Docente para o traslado de información, a xestión dos espazos docentes e a resolución das incidencias relacionadas coa organización das materias. Durante o desenvolvemento da docencia atendéronse os cambios, necesidades ou incidencias que foron xurdindo, realizándose pequenos axustes ou modificacións na planificación cando resultou preciso. A información facilitada polo profesorado permitiu dispoñer dunha visión conxunta da planificación docente de terceiro curso e coordinar as necesidades das distintas materias. A planificación realizada ao inicio de cada cuadrimestre serviu como referencia para organizar de forma conxunta as actividades docentes e anticipar posibles incompatibilidades.
ANÁLISE: A maior carga de coordinación concentrouse nas semanas previas ao inicio de cada cuadrimestre, coincidindo coa recepción das propostas das distintas materias e coa elaboración da planificación conxunta das actividades docentes. A complexidade da coordinación non foi uniforme entre todas as actividades. As sesións vinculadas a laboratorios, aulas de informática ou outros espazos específicos presentaron unha menor flexibilidade e, polo tanto, requiriron unha maior atención na súa planificación. A organización dos grupos C requiriu un maior grao de coordinación entre materias debido á maior posibilidade de coincidencias temporais, mentres que a planificación dos grupos B resultou, en xeral, máis directa. A coordinación desenvolvida permitiu identificar e previr antes do inicio das actividades docentes as incompatibilidades de horario entre materias. Unha vez establecida a planificación inicial de cada cuadrimestre, o volume de actuacións de coordinación reduciuse notablemente, quedando centrado no seguimento da programación e na resolución de situacións puntuais. O proceso de coordinación estivo condicionado pola dispoñibilidade e polo grao de detalle da información facilitada polos coordinadores das distintas materias, especialmente nas fases iniciais da planificación. A experiencia do curso permitiu identificar con maior claridade os períodos, actividades e condicionantes nos que resulta máis necesaria a coordinación entre materias.
PROPOSTAS DE MELLORA: Non se detectaron incidencias ou necesidades que xustifiquen a formulación de propostas específicas de mellora para o seguinte curso e considérase suficiente manter o procedemento de coordinación empregado, introducindo unicamente os axustes puntuais que poidan resultar necesarios.

Anexo 4. Fichas e Informe de Coordinación de 4º Curso

1ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 4º do Grao EE	DATA: 27/06/2025
COORDINADORA: Ana Mª Rodríguez Rodríguez	
ASISTENTES: Coordinadora e profesorado do Grao en Enxeñaría da Enerxía.	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado co obxectivo de solicitar unha planificación detallada para o curso 2025/2026 dos grupos B e C, así como dos exames parciais. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática, e a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola. Faise fincapé nas necesidades do primeiro cuadrimestre.	
RESULTADOS: A maior parte do profesorado remite á coordinación, vía correo electrónico e no prazo establecido, toda a información solicitada. Unha vez recibida a información de cada unha das materias, co horario e co calendario académico, compróbase que as horas tipo B e C son as que están reflectidas na Planificación Docente Anual (PDA). Analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso elabórase un documento para o primeiro e segundo cuadrimestre, o cal se remite á Subdirección de Planificación e Organización Académica. Sobre este documento da planificación detallada, a Coordinación e a Subdirección de Planificación e Organización Académica proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudantado e dispoñibilidade de aulas e laboratorios. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao primeiro cuadrimestre ponse a disposición de todo o profesorado no espazo de Coordinación en Moovi.	

2ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 4º do Grao EE	DATA: 14/01/2026
COORDINADORA: Ana Mª Rodríguez Rodríguez	
ASISTENTES: Profesorado do segundo cuadrimestre da titulación de Grao en Enxeñaría da Enerxía.	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado co obxectivo de solicitar unha planificación detallada do segundo cuadrimestre para o curso 2025/2026 dos grupos B e C, saídas de campo, así como dos exames parciais. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo de 2025, sen embargo, ante a proximidade da data de inicio da docencia do segundo cuadrimestre, volve solicitarse ante a posibilidade de que durante ese tempo o profesorado quixera facer cambios sobre a planificación previa.	
RESULTADOS: No prazo establecido e por vía correo electrónico, todo o profesorado que necesitou modificar a planificación remitiu esa información á coordinación. Así mesmo, aqueles docentes que non realizaron cambios na planificación remitida en xullo tamén o confirmaron á coordinación. Unha vez recibida a información nova e coa que xa se tiña no mes de xullo de cada unha das materias, analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso	

elabórase un documento para o segundo cuadrimestre, que se remite á Subdirección de Planificación e Organización Académica. Sobre este documento da planificación detallada do segundo cuadrimestre, a Coordinación e a Subdirección de Planificación e Organización Académica proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudantes e dispoñibilidade de aulas e laboratorios. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao segundo cuadrimestre ponse ao dispor de todo o profesorado no espazo de Coordinación en Moovi.

3ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 4º do Grao EE	DATA: 11/02/2026
COORDINADORA: Ana Mª Rodríguez Rodríguez	
ASISTENTES: Coordinadora e profesorado do primeiro cuadrimestre do Grao en Enxeñaría da Enerxía.	
OBXECTIVOS: Unha vez finalizado o cuadrimestre e con todos os exames rematados, o obxectivo da reunión co profesorado de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no primeiro cuadrimestre.	
RESULTADOS: Nos días previos á reunión, solicítanse ao profesorado os resultados académicos: estudantado presentado, aprobado, con notable, sobresaínte e matrícula de honra. Durante a reunión, coméntanse entre todos os presentes os resultados de cada unha das materias. Todo o profesorado foi flexible á hora de fixar a data de entrega de traballos/informes/tarefas cando esta coincidía con exames parciais doutras materias detallados na planificación. Os datos do primeiro cuadrimestre indican que a taxa de éxito media se sitúa en torno ao 97,3 %, con valores que oscilan entre o 88,6 % de Xestión da enerxía térmica e o 100 % alcanzado en Organización de empresas, Proxecto colaborativo, Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas, Tecnoloxías de refrixeración e climatización e Xeomática aplicada á eficiencia enerxética. Este resultado indica que, do alumnado que efectivamente se presenta a exame, a inmensa maioría logra superar a materia. A taxa de avaliación media do cuadrimestre é do 94,6 %, o que evidencia un bo nivel de participación xeral. No obstante, obsérvanse diferenzas: mentres Xeomática aplicada á eficiencia enerxética rexistra unha participación do 100 %, materias como Proxecto colaborativo (87,0 %) e Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas (88,9 %) presentan unha proporción algo maior de alumnado non presentado, o que reduce lixeiramente a súa taxa de avaliación. En consecuencia, a taxa de rendemento media sitúase no 92,0 %. As materias Xestión da enerxía térmica (86,1 %) e Xestión e utilización da enerxía eléctrica (90,0 %) amosan os valores máis baixos deste indicador, explicado pola combinación dunha taxa de éxito algo inferior e a presenza de suspensos (4 en Xestión da enerxía térmica e 3 en Xestión e utilización da enerxía eléctrica), a diferenza do resto de materias, onde os suspensos son practicamente inexistentes. Con respecto á coordinación, indican que as tarefas de coordinación son correctas. Valoran positivamente a realización das reunións ao final do cuadrimestre e indican que a comunicación polas canles empregadas é axeitada.	

4ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 4º do Grao EE	DATA: 24/06/2026
COORDINADORA: Ana Mª Rodríguez Rodríguez	

ASISTENTES:

Coordinadora e profesorado do segundo cuadrimestre do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

OBXECTIVOS:

Unha vez realizados os exames das materias e case finalizado o cuadrimestre, o obxectivo da reunión co profesorado coordinador de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no segundo cuadrimestre.

RESULTADOS:

Nos días previos á reunión, solicítanse ao profesorado os seguintes datos sobre os resultados académicos: estudantado presentado, aprobado, con notable, sobresaínte e matrícula de honra. Durante a reunión, coméntanse entre todos os presentes os resultados de cada unha das materias. Todo o profesorado foi flexible á hora de fixar a data de entrega de traballos/informes/tarefas cando esta coincidía con exames parciais doutras materias detallados na planificación.

No segundo cuadrimestre analizáronse sete materias. Un primeiro trazo destacable é que a taxa de éxito alcanza o 100 % en todas as materias con alumnado presentado, xa que non se rexistra ningún suspenso en todo o cuadrimestre. A materia Obras, replanteos e procesos de construción constitúe unha excepción, ao non contar con ningún alumno presentado (0 de 2 matriculados).

O contraste máis relevante do cuadrimestre aparece na taxa de avaliación, cuxa media se sitúa no 85,1 %, notablemente inferior á do primeiro cuadrimestre. Esta caída explícase fundamentalmente polo Traballo de Fin de Grao, cuxa taxa de avaliación é de tan só o 48,6 % (18 presentados de 37 matriculados, con 19 non presentados). Tamén Uso eficiente da enerxía eléctrica (83,3 %) e Enxeñaría nuclear (95,2 %) presentan certa proporción de alumnado non presentado, aínda que en menor medida.

Con respecto á coordinación, indican que as tarefas de coordinación son correctas. Valoran positivamente a realización das reunións ao final do cuadrimestre e indican que a comunicación polas canles empregadas é axeitada.

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL

CURSO: 4º do Grao EE

COORDINADORA: Ana Mª Rodríguez Rodríguez

RESULTADOS:

Ao longo do curso mantívose unha comunicación fluída co profesorado de cuarto curso, principalmente a través do correo electrónico. A maior parte do profesorado remitiu en prazo a planificación detallada dos grupos B e C, dos exames parciais e das necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática, e a documentación resultante púxose a disposición de todo o profesorado no espazo de Coordinación en Moovi.

Os resultados académicos foron moi positivos. No primeiro cuadrimestre, a taxa de éxito media foi do 97,3 %, a taxa de avaliación do 94,6 % e a taxa de rendemento do 92,0 %. No segundo cuadrimestre non se rexistrou ningún suspenso, polo que a taxa de éxito foi do 100 % en todas as materias con estudantado presentado.

O principal aspecto negativo é a taxa de avaliación do Traballo de Fin de Grao, de só o 48,6 % (18 presentados de 37 matriculados), que fai descender a taxa de avaliación media do segundo cuadrimestre ata o 85,1 %. Tamén Uso eficiente da enerxía eléctrica e Enxeñaría nuclear presentan certa proporción de alumnado non presentado, aínda que en menor medida.

O profesorado valorou como correctas as tarefas de coordinación e axeitadas as canles de comunicación empregadas, e considerou positiva a realización das reunións ao final de cada cuadrimestre.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Manter a metodoloxía de coordinación e reforzar o seguimento e a orientación do estudantado que debe presentar o Traballo de Fin de Grao, co fin de incrementar o número de defensas.